

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE DE PERSOAL PDI E PAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CON FINS DOCENTES (STA) OU DE FORMACIÓN (STT) A PAÍSES ASOCIADOS (ERASMUS+ ACCIÓN KA-171)

Curso 2023/24

No marco do programa Erasmus+ (Acción KA-171) a Universidade da Coruña foi beneficiaria dunha subvención finalista do devandito programa co obxectivo de financiar estancias de mobilidade de persoal a Albania, Armenia, Acerbaixán, Bosnia-Hercegovina, Brasil, Cabo Verde, Camboxa, Chile, Kosovo, Moldavia, Montenegro, Mozambique, Panamá, Ucraína e Xeorxia durante o curso 2023/24.

Para a selección do persoal docente (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS) que se beneficiarán destas bolsas con fins de docencia e/ou formación, a UDC publica a presente convocatoria cuxos condicionantes se basean nos proxectos Erasmus+ 2022-1-ES01-KA171-HED-000079144 e 2023-1-ES01-KA171-HED-000120768.

3. OBXECTIVO

O obxectivo desta convocatoria é a selección de persoal, tanto PDI como PAS, para participar en mobilidades con fins docentes ou de formación no curso 2023/24 ao abeiro do programa Erasmus+ KA-171. O PDI realizará preferentemente mobilidades con fins docentes (STA), aínda que tamén poderá realizar mobilidades de formación (STT). O PAS só poderá realizar mobilidades de formación (STT). Nas mobilidades de formación (STT) terá preferencia o PAS.

2. OFERTA DE PRAZAS

Prazas do convenio 2022-1-ES01-KA171-HED-000079144

País	Institución de destino	Centros UDC	Número de prazas
Armenia	American University of Armenia Foundation	Informática	4 (STA/STT)
	Yerevan State University	Ciencias, Filoloxía, Dereito	
	National Polytechnic University of Armenia Foundation	TODOS	
Acerbaixán	Baku High Oil School	TODOS	4 (STA/STT)
	Azerbaijan Architecture and Construction University	Arquitectura	
	Azerbaijan Cooperation University	Turismo, Económicas	

Xeorxia	Ivane Javakhishvili Tbilisi State University	Ciencias, Dereito	4 (STA/STT)
	Caucasus University LTD	Turismo, Económicas, Dereito	
	Business and Technology University LLC	Económicas	
Moldavia	Alec Russo Balti State University	Informática	4 (STA/STT)
	Universitatea De Stat Din Moldova	Dereito, Filoloxía	
	Universitatea Libera Internationaladin Moldova Institutie De Invatamint Superior Privata	Informática	
Ucraina	V.N.Karazin Kharkiv National University	Económicas	4 (STA/STT)
	National University of Ostroh Academy	TODOS	
	National Technical University of Ukraine Igor Sikorsky Kyiv Polytechnic Institute	Dereito	
Albania	Canadian Institute of Technology	Informática, Económicas	3 (STA/STT)
	Polytechnic University of Tirana	Arquitectura	
	European Univ. Of Tirana	Económicas	
Bosnia-Hercegovina	Visokoskolska Ustanova Inter.Burc Univ.	Filoloxía, Económicas, Ciencias, Informática, Arquitectura	4 (STA/STT)
	Internacionalni Univerzitet u Sarajevu	Filoloxía, Económicas, Ciencias, Informática, Arquitectura	
Kosovo	Koleggi Universum OP	Filoloxía, Dereito, Económicas	4 (STA/STT)
Montenegro	Univ. Donja Gorica Podgorica	Turismo	4 (STA/STT)
	Univ. Mediteran Podgorica Privatna Ustanova		
	Javna Ustanova Univerzitet Crne Gore Podgorica	Náutica, Turismo, Economía	

Prazas do convenio 2023-1-ES01-KA171-HED-000120768

País	Institución de destino	Centros UDC	Número de prazas
Albania	Canadian Institute of Technology	Informática, Económicas	3 (STA/STT)
	Polytechnic University of Tirana	Arquitectura	
Armenia	Yerevan State University	Ciencias, Filoloxía, Dereito	3 (STA/STT)
	National University of Architecture and Construction Armenia	Arquitectura	
	Armenian State Pedagogical University after Khachatur Abovyan	Ciencias da Educación	
Acerbaixán	Baku High Oil School	TODOS	2 (STA/STT)
	Azerbaijan Architecture and Construction University	Arquitectura	
Bosnia- Hercegovina	Visokoskolska Ustanova Inter.Burc Univ.	Filoloxía, Económicas, Ciencias, Informática, Arquitectura	3 (STA/STT)
	Internacionalni Univerzitet u Sarajevu	Filoloxía, Económicas, Ciencias, Informática, Arquitectura	
Brasil	Associação Pró Ensino em Santa Cruz do Sul	Dereito	1 (STA/STT)
Cabo Verde	Universidade de Cabo Verde	TODOS	1 (STA/STT)
Camboxa	Bolyno International Group CO LDT	TODOS	2 (STA/STT)
Chile	Universidad Adolfo Ibáñez	Económicas, Dereito, Informática, Enxeñaría Mecánica, Enxeñaría Industrial	1 (STA/STT)
Kosovo	Kolegji Universum OP	Filoloxía, Dereito, Económicas	3 (STA/STT)
Moldavia	Universitatea De Stat Din Moldova	Dereito, Filoloxía	2 (STA/STT)
	Universitatea Libera Internationaladin Moldova Institutie De Invatamint Superior Privata	Informática	

Mozambique	Universidade Eduardo Mondlane	TODOS	1 (STA/STT)
Montenegro	Univ. Donja Gorica Podgorica	Turismo	3 (STA/STT)
	Javna Ustanova Univerzitet Crne Gore Podgorica	Náutica, Turismo, Economía	
	Univ. Mediteran Podgorica Privatna Ustanova	Turismo	
Panamá	Universidad Tecnológica de Panamá	Terapia e Rehabilitación	1 (STA/STT)
Ucraina	V.N.Karazin Kharkiv National University	Económicas	2 (STA/STT)
	National Technical University of Ukraine Igor Sikorsky Kyiv Polytechnic Institute	Dereito	
Xeorxia	Ivane Javakhishvili Tbilisi State University	Ciencias, Dereito	2 (STA/STT)
	Business and Technology University LLC	Económicas	

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

O persoal deberá:

- Formar parte da nómina da Universidade da Coruña nalguna das categorías de persoal con dedicación docente da UDC ou persoal de administración e servizos, que perciba as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC. Esta condición deba posuírse tanto no momento da solicitude da bolsa, como no momento en que teña lugar a mobilidade. **Será responsabilidade do candidato informar de calquera modificación sobre a súa relación laboral coa UDC antes do inicio da mobilidade. Tamén poderán optar a estas bolsas os profesores eméritos.**
- Solicitar a mobilidade a través do portal electrónico correspondente, presentando o acordo de mobilidade de persoal (segundo o modelo do anexo II para mobilidades STA ou o anexo III para mobilidades STT) no que se inclúa o **programa de docencia/formación coa indicación dos días e horas de docencia/formación aprobado polo centro de destino cun mínimo de 35 días naturais de antelación á data de inicio previsto da mobilidade.** Será responsabilidade do persoal solicitante establecer o contacto cos profesores ou administradores do centro de destino para acordar as datas de visita e o programa de docencia/formación.
- Presentar **obrigatoriamente antes do inicio da súa mobilidade** copia por correo electrónico dunha **póliza de seguro sanitario** con cobertura durante o período de mobilidade. De conformidade co convenio de subvención asinado pola Universidade da Coruña co Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) no marco do Programa Erasmus+, o beneficiario (UDC) asegurárase de que os participantes en actividades de mobilidade no estranxeiro contan cunha cobertura de seguro adecuada.

4. DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTADÍA

1. A duración da actividade en todas as mobilidades é de **cinco (5) días** consecutivos de docencia e/ou formación.
2. O persoal que realice mobilidades STA deberá impartir e certificar, polo menos, **oito (8) horas de clase por semana**. O persoal que realice mobilidades STT deberá recibir e certificar, polo menos, **oito (8) horas de formación por semana**.
3. A docencia/formación deberá reflectirse nun programa acordado entre o persoal que vai realizar a estancia e a persoa de contacto no centro de acollida, e deberá estar enmarcado, preferentemente, como actividade académica principal ou complementaria, na organización de titulacións oficiais do centro de acollida.
4. A actividade deberá realizarse obrigatoriamente antes do **31 de outubro de 2024**, sendo o último día hábil para presentar a solicitude o **30 de xuño de 2024**. As mobilidades que pretendan realizarse nos meses de agosto, setembro e outubro deberán solicitarse ata o 30 de xuño de 2024, día no que pechará o prazo de solicitudes.

5. CONDICIONES ECONÓMICAS E IMPORTE DAS BOLSAS

Esta convocatoria finánciase con achegas da Comisión Europea segundo o Convenio de Subvención 2022-1-ES01-KA171-HED-000079144 e 2023-1-ES01-KA171-HED-000120768. As mobilidades de PDI finánciase con cargo á aplicación orzamentaria – 0800E72226.422D.481.00, por importe inicial de 60.000,00 €, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria. As mobilidades de PAS finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 0800E72226.422D.482.00 por un importe inicial de 10.000,00 €, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado.

1. A mobilidade Erasmus+ con fins de docencia ou formación poderanse conceder con ou sen bolsa. As mobilidades sen bolsa denomínanse “Bolsa cero”.
2. As mobilidades con bolsas concederanse mediante a aplicación dos criterios de selección indicados no apartado 7, ata esgotar os fondos dispoñibles. Financiaranse como **máximo cinco (5) días de actividade e dous (2) días de viaxe**, independentemente de cal sexa a duración total da estancia.
3. A bolsa consiste nunha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención e, por tanto, non está suxeita a retencións do IRPF.
4. Existen bolsas complementarias para persoas beneficiarias con algunha discapacidade física ou necesidade especial.

Importe das bolsas

As condicións económicas en que se ofertan as prazas polos programas aos que se refire a presente convocatoria son as seguintes:

- 1) Independentemente do país de destino, as persoas participantes terán dereito a unha bolsa individual de **180 euros por día** de actividade ata un máximo de **5 días financiados** e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de **2 días financiados**.

2) Unha axuda de viaxe que varía en función da distancia entre a UDC e o país de destino:

País de destino	Axuda de viaxe total para ida e volta
Albania, Bosnia-Herzegovina, Kosovo, Moldavia, Montenegro, Macedonia	360 euros
Ucraina, Cabo Verde	530 euros
Armenia, Acerbaixán, Panamá, Xeorxia	820 euros
Camboxa, Mozambique, Brasil, Chile	1500 euros

Participantes con necesidades especiais

Unha persoa con necesidades especiais é un/unha participante potencial cuxa situación física, psíquica ou sensorial é tal que a súa participación nunha actividade de mobilidade non sería posible sen unha bolsa superior ou adicional. Para acceder ás bolsas establecidas no Programa Erasmus+ para as persoas con necesidades especiais no ámbito da educación superior, os/as participantes deberán ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, así como cumprir co resto dos criterios de elixibilidade establecidos no programa.

Máis información sobre como solicitar estas bolsas para persoas con necesidades especiais na ligazón:
https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/necesidades_especiales/

6. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS BOLSAS

1. O pagamento das bolsas farase por transferencia bancaria. O 80% do importe da bolsa comezarse a tramitar no momento da sinatura do convenio financeiro. O pagamento do 20% restante comezarse a tramitar unha vez xustificada a estancia real no centro de destino, de conformidade co indicado no apartado 11.
2. No caso de non cumprir total ou parcialmente coa mobilidade ou coas obrigas previstas, deberase reintegrar o importe recibido total ou parcialmente, segundo corresponda.
3. Dentro do marco do programa Erasmus+, as circunstancias de forza maior non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada no caso de que non se realice a mobilidade. As circunstancias de forza maior serán "situacións ou acontecementos imprevisibles e excepcionais alleos á vontade das persoas participantes que non se deban a un erro ou unha negligencia pola súa banda, e que ocorren durante a mobilidade". No caso de que o membro do persoal non puidese completar as actividades previstas por causas de forza maior, este reembolso non se esixirá de forma inmediata. Estes casos serán comunicados inmediatamente pola persoa participante á ORI, que seguidamente, notificará ao SEPIE e quedarán suxeitos á aceptación por escrito da Axencia Nacional.
4. Se a mobilidade se asignou á persoa candidata polo feito de ter máis días ou horas de docencia/formación no seu plan de traballo que outras persoas concorrentes, o/a beneficiario da bolsa terá que devolvela na súa totalidade no caso de que finalmente non acredite a realización das actividades (días e/o horas) ás que se comprometeu.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección entre as persoas candidatas que soliciten bolsa para realizar a súa mobilidade Erasmus+ con fins docentes ou de formación farase entre aquelas **que teñan un programa de actividades** (segundo o modelo do anexo II ou III) **aprobado polo centro de destino cun mínimo de 35 días naturais de antelación ao comezo da estancia prevista.**

A selección farase atendendo aos seguintes criterios:

A) Criterios de exclusión:

Só se concederá financiamento para unha mobilidade de persoal con fins docentes/formativos no marco do programa Erasmus+ KA171 cada curso académico. Excepcionalmente, poderá concederse unha segunda ou sucesivas mobilidades con financiamento se na resolución previa ao mes en que terá lugar dita segunda ou sucesivas mobilidades quedasen aínda fondos para financiar as bolsas adicionais solicitadas. Ningún solicitante dunha segunda ou sucesiva mobilidade poderá obter fondos con cargo ao programa Erasmus+ cando deba decidirse na mesma resolución sobre a súa solicitude e a doutra persoa que non obtivese financiamento nese mesmo ano académico.

As mobilidades Erasmus+ para persoal con fins docentes e de formación son incompatibles nun mesmo ano académico. No caso de ter solicitado os dous tipos de bolsa, daráselle prioridade á mobilidade con fins docentes sempre que ambas as solicitudes teñan que decidirse na mesma resolución.

B) Criterios de prioridade (por orde xerárquica):

1. Terá prioridade o profesorado que forme parte dos programas de docencia en inglés aos que se refire o art. 1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC, do 30 de abril de 2015, modificada no Consello de Goberno do 23 de xullo de 2019.
2. En defecto destes, terá prioridade quen solicite financiamento para a súa mobilidade con cargo ao programa Erasmus+ KA171 por primeira vez. Terá a mesma prioridade quen solicite o financiamento, pero non o obtivese nunca en convocatorias anteriores.
3. En defecto dos anteriores, terán prioridade as mobilidades con máis horas de docencia/formación.
4. En defecto dos anteriores, daráselles prioridade ás solicitudes que satisfagan en maior medida o cumprimento dos obxectivos do programa Erasmus+ de mobilidade con fins docentes:
 - A participación en programas de estudos conducentes á obtención dun título na institución de destino.
 - A produción de materiais didácticos e a innovación pedagóxica.
 - A consolidación dos vínculos entre departamentos e centros, que sexan útiles para preparar futuros proxectos de cooperación.
 - O fomento da formación complementaria do persoal docente da UDC.
5. En todo caso, na mesma resolución terá preferencia o persoal en activo fronte ao emérito.
6. En caso de igualdade de condicións, terase en conta a data da solicitude.

No caso de que sexa necesario aplicar o 4. criterio de prioridade para seleccionar as persoas beneficiarias das bolsas, a Comisión poderá pedir aos solicitantes que acheguen información e documentación xustificativa que acredite o grao de cumprimento dos obxectivos especificados no devandito criterio.

8. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección para a distribución das bolsas estará formada por:

- Vicerreitor/-a con competencias en internacionalización
- Director/a da ORI
- Pablo Nieto Mallo, técnico superior da ORI
- Begoña Fernández Hermida, xefa de negociado da ORI

9. SOLICITUDE E RESOLUCIÓNS DE ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS

A) Como cubrir a solicitude en liña e prazo no que debe estar cuberta:

1. Todas as persoas que soliciten unha mobilidade deberán cubrir unha única solicitude en liña a través do portal electrónico para persoal saínte no marco da convocatoria Erasmus+ KA171, dispoñible nas seguintes ligazóns (segundo tipo de persoal):
PDI: https://www.udc.es/gl/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/Erasmus-KA171/
PAS: <https://www.udc.es/gl/ori/infPAS/Erasmus-KA171/>
O acceso ao portal no que se presenta a solicitude en liña farase coas credenciais de usuario/a da UDC.
2. Antes de comezar a cubrir a solicitude, hai que ler detidamente as instrucións que se detallan no portal e na solicitude en liña. As solicitudes que non se cubran seguindo estas instrucións poderán ser excluídas do proceso de selección.
3. A solicitude debe estar cuberta por completo, co acordo de mobilidade persoal subido ao portal electrónico, polo menos trinta e cinco (35) días antes do inicio da mobilidade.
4. No caso do PDI que desexe facer valer este mérito, deberá indicar na solicitude en liña que ten asignado no POD docencia en inglés dentro dun dos programas de docencia en inglés aos que se refire ao art. 1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC, do 30 de abril de 2015. A ORI comprobará de oficio dita asignación.

B) Documentación que debe achegarse coa solicitude en liña:

1. Acordo de mobilidade de persoal (STA ou STT segundo proceda) conforme ao modelo do anexo II o III debidamente cuberto e asinado polo centro de destino e pola persoa solicitante.

C) Prazos de resolución e adxudicación das bolsas

Os prazos de resolución e publicación das bolsas serán o último día hábil de cada mes para as solicitudes recibidas ata catro (4) días hábiles antes do devandito día de resolución e publicación. Estas solicitudes deberán **incluir obrigatoriamente os acordos de mobilidade STA/STT previamente aprobados polos centros de destino**. Calquera mobilidade que se realice antes da correspondente resolución considerárase mobilidade con "Bolsa cero".

Por cuestións de peche do exercicio económico a resolución de decembro só incluírá aquelas solicitudes recibidas ata catro (4) días hábiles antes do 15 de decembro, día da resolución e publicación de dito mes.

As concesións comunicaránse por correo electrónico directamente ás persoas interesadas e tamén se publicarán nas seguintes ligazóns as correspondentes resolucións:

PDI: https://www.udc.es/gl/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/Erasmus-KA171/

PAS: <https://www.udc.es/gl/ori/infPAS/Erasmus-KA171/>

10. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

1. Tras recibir o correo electrónico no que se lle comunica a resolución (con ou sen bolsa) por parte da UDC, as persoas seleccionadas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia á mobilidade nun prazo máximo de **5 días hábiles**, do xeito que se lles indique na comunicación de concesión.
2. Unha vez aceptada a mobilidade (con ou sen bolsa) e publicada a resolución, as persoas beneficiarias deberán **asinar un convenio financeiro coa Universidade da Coruña con anterioridade ao comezo da mobilidade**. Este convenio será cargado por persoal da ORI no "Portafirmas" institucional da UDC e as persoas beneficiarias deberán asinalo electronicamente nesta plataforma en canto sexa posible e, en todo caso, antes do comezo da mobilidade.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Antes da mobilidade:

Presentar obrigatoriamente por correo electrónico a iro@udc.es antes do inicio da súa mobilidade **copia dunha póliza de seguro sanitaria** con cobertura durante o período de mobilidade.

Despois da mobilidade:

Nun período máximo de 10 días naturais tras a realización da estancia, a persoa beneficiaria da mobilidade Erasmus+ deberá presentar na ORI a seguinte documentación:

- a) **Xustificación orixinal do desprazamento** (preferentemente presentaranse: tarxetas de embarque, billete de tren, recibos de autoestrada etc.).
- b) **Orixinal do certificado de fin de estancia** segundo o modelo do anexo I debidamente cuberto e asinado polo centro de acollida.
- c) No caso de que o/a participante non iniciase a súa viaxe desde A Coruña, deberá entregar tamén o billete de avión ou do medio de transporte que empregou para chegar a destino.

Ademais, deberá elaborar un **Informe final ("cuestionario UE")** sobre as actividades realizadas segundo o modelo que se lle facilitará **a través da aplicación "Beneficiary Module"**. Para os efectos de cubrir este informe, o persoal recibirá un correo electrónico da plataforma "Beneficiary Module" coas indicacións sobre o procedemento e o prazo para facelo.

12. PRAZO DE VIXENCIA DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria permanecerá aberta desde o primeiro día da súa publicación na páxina web da ORI ata o **30 de xuño de 2024**, se ben as mobilidades solicitadas en prazo se poderán realizar ata o 31 de outubro de 2024.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, sobre a protección das persoas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos (Regulamento xeral de datos Protección ou RGPD), e o artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle que os datos facilitados polo interesado mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto cale Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. Solicitar unha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, para os efectos dunha adecuada xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Ao concorrer a esta convocatoria, o interesado consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Padroado Oficial da Sede electrónica da UDC, segundo o disposto na Disposición Adicional 7ª de Orgánica. Lei 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria quedará publicada nos devanditos Consellos. Os datos persoais conservaranse durante o tempo que sexa necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na Lei Orgánica de Datos. Protección persoal. O interesado consente o tratamento dos seus datos coas finalidades de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao tratamento antes mencionado, así como a solicitar, salvo en casos de interese público e / ou exercicio do poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán exercitarse mediante solicitude enviada á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitorado da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001. A Coruña ou por correo electrónico rpd@udc.gal, con referencia "protección de datos", mediante escrito asinado para o efecto, xunto con fotocopia do seu DNI. Tamén pode enviar esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal indicada anteriormente, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén tes dereito a presentar unha reclamación #ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Para máis información:

Oficina de Relacións Internacionais

Casa do Lagar

Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1956) - Correo electrónico: iro@udc.gal

O reitor
Julio E. Abalde

ANEXOS

- Anexo I: Modelo de certificado de fin de estancia STA/STT
- Anexo II: Modelo de acordo de mobilidade de persoal docente STA
- Anexo III: Modelo de contrato de formación STT



Anexo I – Modelo de certificado de fin de estancia STA

CERTIFICATE OF ATTENDANCE

Name of the host institution:

.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT:

Mr/Ms.....

from the UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(name of the home institution)

performed the teaching assignment specified under the ERASMUS+ programme (Staff mobility for teaching) at our institution

On the following specific days (min. 2 consecutive working days):

_____/_____/_____
day month year

_____/_____/_____
day month year

_____/_____/_____
day month year

_____/_____/_____
day month year

_____/_____/_____
day month year

(add lines if required)

Total teaching hours performed: _____ (min. 8 hours/week)

Date

Stamp and Signature

Name of the signatory:

Function:

Anexo 1 – Modelo de certificado de fin de estancia STT

CERTIFICATE OF ATTENDANCE

Name of the host institution:

.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT:

Mr/Ms.....

from the UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(Name of the home institution)

attended the training activities specified under the ERASMUS+ programme (Key Action I. Staff mobility for training) at our institution / enterprise

 IN PRESENCE MOBILITY VIRTUAL MOBILITY

On the following specific days (min. 2 consecutive working days):

_____' _____' _____
day month year_____' _____' _____
day month year_____' _____' _____
day month year_____' _____' _____
day month year_____' _____' _____
day month year

(add lines if required)

Date

Stamp and Signature

Name of the signatory:

Function:



ANEXO II – Modelo de acordo de mobilidade de persoal STA



Erasmus+

Higher Education
Mobility Agreement formMobility Agreement
Staff Mobility For Teachingⁱ

The Teacher

Last name (s)		First name (s)	
Seniority ⁱⁱ		Nationality ⁱⁱⁱ	
Gender [Male/Female/Undefined]		Academic year	20../20..
E-mail			

The Sending Institution/Enterprise^{iv}

Name	UNIVERSIDAD DE A CORUÑA		
Erasmus code ^v (if applicable)	E LA-CORU01	Department/unit	Oficina de Relaciones Internacionais
Address	O Lugar Campus Elviña 15071 A Coruña	Country/ Country code ^{vi}	SPAIN ES
Contact person name and position	Director/a ORI	Contact person e-mail / phone	Director/a ORI Email: erasmus@udc.gal Tel : +34981167000
Type of enterprise:	Higher Education Institution	Size of enterprise (if applicable)	<input type="checkbox"/> <250 employees <input checked="" type="checkbox"/> >250 employees

The Receiving Institution

Name		Department/unit	
Erasmus code (if applicable)			
Address		Country/ Country code	
Contact person name and position		Contact person e-mail / phone	

For guidelines, please look at the end notes on page 3.



Section to be completed BEFORE THE MOBILITY

I. PROPOSED MOBILITY PROGRAMME

Planned period of the teaching activity: from [day/month/year] till [day/month/year]

Duration (days) – excluding travel days:

 Additional day for travel needed directly before the first day of the activity abroad Additional day for travel needed directly following the last day of the activity abroadMain subject field^{vii}:Level: Short cycle (EQF level 5) ; Bachelor or equivalent first cycle (EQF level 6) ; Master or equivalent second cycle (EQF level 7) ; Doctoral or equivalent third cycle (EQF level 8)

Number of students at the receiving institution benefiting from the teaching programme:

Number of teaching hours:

Language of instruction:

Overall objectives of the mobility:

Added value of the mobility (in the context of the modernisation and internationalisation strategies of the institutions involved):

Content of the teaching programme:

Expected outcomes and impact (e.g. on the professional development of the teaching staff member and on the competences of students at both institutions):

II. COMMITMENT OF THE THREE PARTIES

By signing^{viii} this document, the teaching staff member, the sending institution/enterprise and the receiving institution confirm that they approve the proposed mobility agreement.

The sending higher education institution supports the staff mobility as part of its modernisation and internationalisation strategy and will recognise it as a component in any evaluation or assessment of the teaching staff member.

The teaching staff member will share his/her experience, in particular its impact on his/her professional development and on the sending higher education institution, as a source of inspiration to others.

The teaching staff member and the beneficiary institution commit to the requirements set out in the grant agreement signed between them.

The teaching staff member and the receiving institution will communicate to the sending institution/enterprise any problems or changes regarding the proposed mobility programme or mobility period.

The teacher Name: Signature: _____ Date: _____

The sending institution Name of the responsible person: Director/a ORI Signature: _____ Date: _____
--

The receiving institution Name of the responsible person: Signature: _____ Date: _____

ⁱ In case the mobility combines teaching and training activities, **this template** should be used and adjusted to fit both activity types.

ⁱⁱ **Seniority:** Junior (approx. < 10 years of experience), Intermediate (approx. > 10 and < 20 years of experience) or Senior (approx. > 20 years of experience).

ⁱⁱⁱ **Nationality:** Country to which the person belongs administratively and that issues the ID card and/or passport.

^{iv} All references to "**enterprise**" are only applicable to mobility for staff between Programme Countries or within Capacity Building projects.

^v **Erasmus Code:** A unique identifier that every higher education institution that has been awarded with the Erasmus Charter for Higher Education receives. It is only applicable to higher education institutions located in Programme Countries.

^{vi} **Country code:** ISO 3166-2 country codes available at: <https://www.iso.org/obp/ui/#search>.

^{vii} The [ISCED-F 2013 search tool](http://ec.europa.eu/education/tools/isced-f_en.htm) (available at http://ec.europa.eu/education/tools/isced-f_en.htm) should be used to find the ISCED 2013 detailed field of education and training.

^{viii} Circulating papers with original signatures is not compulsory. Scanned copies of signatures or electronic signatures may be accepted, depending on the national legislation of the country of the sending institution (in the case of mobility with Partner Countries: the national legislation of the Programme Country). Certificates of attendance can be provided electronically or through any other means accessible to the staff member and the sending institution.

ANEXO III – Modelo de acordo de mobilidade de persoal STT
**Higher Education
Mobility Agreement form**

Erasmus+

Mobility Agreement Staff Mobility For Training^{viii}

Planned period of the training activity: from [day/month/year] till [day/month/year]

Duration (days) – excluding travel days:

The Staff Member

Last name (s)		First name (s)	
Seniority ^{viii}		Nationality ^{viii}	
Sex [M/F]		Academic year	20../20..
E-mail			

The Sending Institution

Name	UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
Erasmus code ^{viii} (if applicable)	E LA-CORU01	Faculty/Department	
Address	Casa do Lagar Campus de Elviña 15071 A Coruña	Country/ Country code ^{viii}	SPAIN - ES
Contact person name and position	Director/a ORI Institutional Coordinator	Contact person e-mail / phone	iro@udc.es +34881011956

The Receiving Institution / Enterprise^{viii}

Name			
Erasmus code (if applicable)		Faculty/Department	
Address		Country/ Country code	
Contact person, name and position		Contact person e-mail / phone	
Type of enterprise: NACE code ^{viii} (if applicable)		Size of enterprise (if applicable)	<input type="checkbox"/> <250 employees <input type="checkbox"/> >250 employees

For guidelines, please look at the end notes on page 3.



Section to be completed BEFORE THE MOBILITY

I. PROPOSED MOBILITY PROGRAMME

Language of training:

Overall objectives of the mobility:
Training activity to develop pedagogical and/or curriculum design skills: Yes <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/>
Added value of the mobility (in the context of the modernisation and internationalisation strategies of the institutions involved):
Activities to be carried out:
Expected outcomes and impact (e.g. on the professional development of the staff member and on both institutions):



II. COMMITMENT OF THE THREE PARTIES

By signing^{viii} this document, the staff member, the sending institution and the receiving institution/enterprise confirm that they approve the proposed mobility agreement.

The sending higher education institution supports the staff mobility as part of its modernisation and internationalisation strategy and will recognise it as a component in any evaluation or assessment of the staff member.

The staff member will share his/her experience, in particular its impact on his/her professional development and on the sending higher education institution, as a source of inspiration to others.

The staff member and the beneficiary institution commit to the requirements set out in the grant agreement signed between them.

The staff member and the receiving institution/enterprise will communicate to the sending institution any problems or changes regarding the proposed mobility programme or mobility period.

The staff member

Name:

Signature:

Date:

The sending institution/enterprise

Name of the responsible person: Institutional Coordinator

Signature: Director/a ORI

Date:

The receiving institution

Name of the responsible person:

Signature:

Date:

^{viii} In case the mobility combines teaching and training activities, **this template** should be used and adjusted to fit both activity types.

^{viii} **Seniority:** Junior (approx. < 10 years of experience), Intermediate (approx. > 10 and < 20 years of experience) or Senior (approx. > 20 years of experience).

^{viii} **Nationality:** Country to which the person belongs administratively and that issues the ID card and/or passport.

^{viii} All references to "**enterprise**" are only applicable to mobility for staff between Programme Countries or within Capacity Building projects.

^{viii} **Erasmus Code:** A unique identifier that every higher education institution that has been awarded with the Erasmus Charter for Higher Education receives. It is only applicable to higher education institutions located in Programme Countries.

^{viii} **Country code:** ISO 3166-2 country codes available at: <https://www.iso.org/obp/ui/#search>.

^{viii} The [ISCED-F 2013 search tool](http://ec.europa.eu/education/tools/isced-f_en.htm) (available at http://ec.europa.eu/education/tools/isced-f_en.htm) should be used to find the ISCED 2013 detailed field of education and training.

^{viii} Circulating papers with original signatures is not compulsory. Scanned copies of signatures or electronic signatures may be accepted, depending on the national legislation of the country of the sending institution (in the case of mobility with Partner Countries: the national legislation of the Programme Country). Certificates of attendance can be provided electronically or through any other means accessible to the staff member and the sending institution.